

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 5



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0005_001_en_0_00_00_id635_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0005_001_en_0_00_00_id635.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a quinta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala do reparto de peixe entre os mariñeiros e o costume de salgar o que sobra para o inverno. Tamén fala da economía dos mariñeiros, xa que o común era combinar o traballo no mar co traballo no campo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, venda de peixe, mariñeiro, embarcación, porto, Cangas, Moaña, changüí, patela, montemaior, salgadura da sardiña, quiñón, taberna, comercio, agricultura, pago da renda, traballo, Portugal

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 5



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: A xente cando viña co peixe que lle tocaba do reparto, da primeira cesta, eles co peixe podían facer o que querían, ou vendelo ou...

R: Si ou levalo para comer.

P: Ou levalo pa comer.

R: O objeto era que primeira cesta que caía a bordo do barco aquela era dos mariñeiros, e mais a parte que tiña que facerlle unha parte do mariñeiro á embarcación ¿non? Que era do amo, e de alí... (?) despois pescando doce cestas pois levaba ese, o quiñón o changüí, changüí dobre, partían entre eles. Ó armador dáballe unha para os gastos de gasoil e todo eso. Sin embargo, tiñas aí en Redondela, que iso todo non hai nin changüí nin nada.

P: Non se estilaban os mesmos acordos que había por aquí.

R: Aí era tipo arte, en Redondela naceu coa arte, e era todo ó monte maior. Cada puerto según o tipo de xente que era. Aquí estíbese regindo por Cangas, e tiña ese costume Cangas e Moaña foise seguindo polas costumbres, a compensación dos mariñeiros.

R: Ese peixe cando chegaba que traían os mariñeiros, porque unha patela era muito, como conservaban ese peixe, porque duráballe días ou duráballe todo o inverno.

R: Repartían a maioría... E había algúns que vendían tamén, se traes unha patela de peixe hoxe, daslle a teu irmán a teu tío, a teu pariente... Cando non hai nada pois non había nada, outras veces o que era casado e tal levaba á plaza como agora aquí, había unha plaza na vía pública, e poñían encima dunhas tablas a patela “¿e como queres polas acedías?” “catro pesetas, e ... (?) pesetas a ducia a tanto” e fai o changüí para el ¿non?

P: Claro un changüí aparte. E outra veces para pasar o inverno que o salgaban ¿non?

R: Si para salar. Muitas veces como era tipo de inverno, solían levar peixe para salar os mariñeiros en inverno, coma se fora cando se mataba o porco no inverno, polo San Martiño. Todavía esa xente, pois salaba as sardiñas que traía da mesma captura do peixe, e esas tiñaas que pagar.

P: As que levaba para as casas para salar...

R: Fóra do quiñón, tiñaas que pagar. Fora o amo, se fora a xente.

P: Fora quen fora claro. Se miraban unha sardiña boa que era boa para salar pois...

R: Claro para salar. Polo menos no inverno era o tempo de salar. Cando se andaba ó Leixós¹. Había algún que levaba un par de cestas. Era o bacalao para un día do inverno. Ó cabo de facer contas, xa o condutor ese, o corrector ese, xa lle decía, ti tes dúas cestas, xa llas quita da parte que leva, xa lla desquita. As contas levábannas ben, o que é que non se pescaba.

P: A xente cando os mariñeiros normalmente, despois cando facían e vendían todo, a compra normalmente que as facían nas tabernas ¿non? eles iban a comprar case todo ás tabernas, e ós comercios, cando era época de pesca eles pagaban e no inverno ¿pagaban tamén ou quedaban a fiado esperando a que viñera a época das capturas.

R: Eso dependía do comerciante. Moitas veces iban ó comercio e fiábanlle, e a hora de facer contas e iso pois...

P: Anotaba nunha libreta ou algo así ¿non?

R: Quen anotaba era o comerciante, na máis que pagaban.. (?). Eles vendían todo o comerciante e mais a persona.

P: Porque no inverno practicamente se non iban ó mar, de donde sacaban algo de economía, do campo, do que traballaban no campo.

¹ A Leixós (Portugal), solían ir a finais da seifa, sobre setembro e outubro. En Moaña solían xuntarse os aparellos de dous ou tres armadores ou propietarios.



R: E que aquí a maioría dos mariñeiros que traballaban nesta industria, eran todos do campo, tiñan algo de campo, viñan a traballar ó mar para ganar unha peseta para pagar as contribucións, e vivían do campo solamente.

P: Das cosechas, do viño, do millo.

R: O viño, un pouco maíz, e todo eso ¿non?

P: ¿E tiñan algo de gando tamén?

R: Tiñan algo de... cerdo, dunha vaca, e todo iso, tiñan leite e viñan ó mar a coller os cartos, para ganar cartos para pagar as contribucións, era o único todo canto vendían do artigo que cosechaban todo facía falta para comer e para levar a vida ¿non? Esa era a base principal.

P: Era muita a pobreza que había ¿non?

R: Muita pobreza, agora gracias que a xente restringíase. Había algúns que eran de nacemento xa borrachos, levaban a vida estragada completamente. Pero a maioría dos mariñeiros, a maioría, a xente legal, o objeto deles era vir a ganar ó mar para pagar as contribucións.

P: ¿Eran tan altas as contribucións?

R: Non eran cativas, pero tamén a ganancia era cativa.

P: Claro ganábase pouco.

R: Ganábase pouco, e solamente ese traballo eran tres meses, tres meses de traballo no mar eran tres meses. Inda cando durou un pouquiño máis foi cando empezaron a ir barcos a Leixós, que viñeron os barcos de máquina, pero mentres eran barcos de remos, aquilo era unha miseria. Andabas aquí, mañá ibas alí outro día ibas... Non tiñas un barco fixo para traballar. Facías as contas ó día, facías as contas o día, hoxe andabas neste barco, mañán andabas no outro, a xente non tiña paraxe para traballar nunha empresa ¿non?.

P: A Leixós ¿sobre que ano empezaron a andar?

R: O... 18 ou así.

P: ¿O 18 empezaron?

R: Empezaron a ir de Cangas, porque en Cangas había o tipo de ardora solamente, non había caldeo, eran os barcos de máquina e caldeira de pe. Os barcos aquí, cargaban 80 cestas ou 90. Un barco deses viña cargado, e se chegaron a ir á costa de Portugal hasta Leixós pero despois foi cando veu...

P: O máis fuerte que foi da pesca de Leixós, que foi antes da República despois...

R: Antes.

P: Foi antes.

R: Muito antes, daquela xa traían 400 cestas cada barco, eran barcos de arrastre.

P: ¿E cantos mariñeiros habería en Moaña aproximadamente? un par de miles ou...

R: Habería, ó millor..

P: A maioría quedaban a fiar nas tabernas ¿non?

R: Facían contas, porque aí a Leixós hasta que se terminaba a cosecha non se facían contas, ó terminar a cosecha.

P: Si despois era cando pagaban, ¿e a veces pagaban en especies?

R: Non.

P: Non.

R: Sempre en diñeiro, ó caldeo sempre se pagaba de...